

# CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN (LUGO)



## CERTAME DE NARRACIÓN E DEBUXO INFANTIL

# Letras Galegas 2026

### -Convocatoria Local-

A BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL “Antonio Reboiro” do Concello A Pobra do Brollón convoca o **CERTAME DE NARRACIÓN E DEBUXO INFANTIL** que se celebra con motivo do **DIA DAS LETRAS GALEGAS**, de acordo coas seguintes bases:

1- Poden participar todos as nenas e nenos con:

**A) NARRACIÓNS** en galego, cunha extensión máxima de **1 folio por unha soa cara**, sobre o tema proposto: “**MEDRAR LENDO**”:

Ao largo da vida, hai momentos que nos cambian: cando aprendemos a ler as nosas primeiras palabras, cando descubrimos un conto que nos fai rir sen parar ou cando atopamos unha historia que parece falarnos directamente ao corazón.

Invitámoste a recordar e contar eses instantes especiais nos que os libros foron os teus compañeiros, axudándote a entender o mundo, a sentirte acompañado e a imaxinar novos camiños

**B) DEBUXOS**, feitos sobre **papel ou cartolina** tamaño **DIN A4**, sobre o tema proposto: “**MEDRAR LENDO**”:

Ao largo da vida, hai momentos que nos cambian: cando aprendemos a ler as nosas primeiras palabras, cando descubrimos un conto que nos fai rir sen parar ou cando atopamos unha historia que parece falarnos directamente ao corazón.

Invitámoste a recordar e contar eses instantes especiais nos que os libros foron os teus compañeiros, axudándote a entender o mundo, a sentirte acompañado e a imaxinar novos camiños

2-Cada autor pode presentar cantos traballos desexa, mecanografados, escritos a computador ou a man; neste último caso sempre a bolígrafo e nunca a lapis. Con cada traballo, acompañarase unha folla co nome e demais datos do autor en LETRA MAIÚSCULA.

3- Establécense tres categorías: **A:** ata 8 anos, **B:** de 9 a 11 anos e **C:** de 12 a 16 anos.

4- O prazo de presentación dos traballos rematará o vindeiro **11 de maio**, debendo ser entregados polos seus autores na BIBLIOTECA MUNICIPAL.

5- O xurado, formado por persoas entendidas na materia, seleccionará por cada modalidade e categoría un máximo de 3 traballos.

6- Os traballos premiados nesta fase local participarán na fase Provincial do Certame, convocada pola Biblioteca Pública de Lugo, co patrocinio da Consellería de Cultura, Língua e Xuventude da Xunta de Galicia.

7- Os traballos premiados pasarán a ser propiedade da Biblioteca Pública que se reserva o dereito de publicación dos mesmos.

8- A presentación das obras a este Certame supón a aceptación das presentes bases.

10- Todas as incidencias non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado.

11- A entrega de premios será anunciada con posterioridade na páxina web do Concello, nas redes sociais e taboleiro de anuncios da Casa da Cultura “Olga Novo”,

**A Pobra do Brollón, a 21 de abril de 2026**



**FOLLA DE DATOS PERSOAIS**  
(PRE-ENCHER EN MAIÚSCULAS)

**APELIDOS** .....

**NOME** .....

**ENDEREZO COMPLETO**.....

.....

**TELÉFONO** .....**IDADE** .....

**COLEXIO**.....

**CURSO**.....